

1. **Ámbitos de uso** - As áreas nas que o galego se usa ou debería usarse, como a educación, a administración pública, os medios de comunicación, etc. Relaciónase coas funcións lingüísticas.
2. **Bilingüismo** – copresenza de dúas linguas nunha mesma sociedade.
3. **Bilingüismo harmónico**: orientación da política lingüística que sostén que non hai conflito lingüístico entre o galego e o castelán nos falantes de Galicia, polo que se considera que non hai que exercer ningunha presión para tomar medidas para protexer o idioma propio.
4. **Conflito lingüístico** – Competencia entre dúas linguas en contacto por acadar o maior espazo lingüístico, ampliar os seus usos.
5. **Cooficialidade** - O estatus legal que recoñece ao galego como lingua cooficial xunto ao castelán en Galicia.
6. **Diglosia** – en sociedades bilingües hai diglosia cando entre as dúas linguas copresentes hai diferenza de prestixio. Falamos de lingua dominante ou lingua A para a lingua de prestixio e lingua dominada ou lingua B para a lingua con menor prestixio.
7. **Estandarización** – creación dunha norma estándar para unha lingua que sirva como referencia para a gramática, a pronuncia e o léxico. O obxectivo é establecer a forma común e aceptada de escribir e falar unha lingua, o que facilita o prestixio da lingua e promove a cohesión dunha comunidade lingüística.
8. **Funcións da lingua**: unha lingua é un medio de comunicación nunha sociedade. Esa comunicación podemos concretala en diferentes ámbitos:
 - 8.1. Función de identidade: a lingua na que se pensa.
 - 8.2. Función familiar: a lingua de relación no seo da familia.
 - 8.3. Función laboral: lingua de relación no ámbito do traballo.
 - 8.4. Función local: lingua de contacto entre persoas da mesma contorna cotiá.
 - 8.5. Función institucional: lingua de comunicación entre o individuo e os estamentos (sociais, culturais, políticos, económicos e administrativos) do ámbito xeográfico ao que pertence.
 - 8.6. Función cultural: lingua da ciencia e da expresión cultural.
 - 8.7. Función internacional: lingua de relación con individuos doutras nacionalidades.
9. **Iniciativas normalizadoras**: calquera acción, pública ou privada, destinada a fomentar o uso do galego.
10. **Interferencia lingüística** – préstamos non necesarios do castelán (no léxico pero tamén na morfoloxía e na sintaxe) debidos á influencia excesiva do castelán no galego, pola situación diglósica.

11. **Lingua minorizada** – con independencia do número de falantes, unha lingua minorizada é aquela que está en situación de debilidade con respecto á lingua dominante, que sofre desprestixio, e polo tanto, un proceso de perda de ámbitos de uso (especialmente os máis prestixiados) e de falantes.
12. **Neofalantes:** falantes que teñen como lingua familiar o castelán, pero que comezan a falar o galego de maneira case exclusiva en todas as súas interaccións. Normalmente, as súas motivacións son ideolóxicas ou políticas e son considerados un grupo moi activo socialmente. Dado que a lingua é aprendida, soen utilizar o modelo normativo, polo que cometen menos erros no léxico e na morfoloxía que os paleofalantes, pero soen ter peor fonética e sintaxe.
13. **Normalización lingüística** - O proceso de promoción e uso activo do galego en todas as esferas da sociedade. Trátase de avanzar na ampliación de ámbitos de uso do galego, en calquera situación, en todos os rexistros e niveis de uso. A Lei de Normalización Lingüística é a normativa que promove a utilización do galego en Galicia. Planificación lingüística é un sinónimo de normalización lingüística.
14. **Normativización ou planificación do corpus:** proceso de deseño da normativa oficial e do modelo estándar dunha lingua. Consiste en preparar unha ortografía, unha gramática prescriptiva (que di o que é correcto e o que non) e un diccionario normativo e inclúe o deseño das actividades e procesos necesarios para dalos a coñecer e facer que se utilicen.
15. **Paleofalantes:** outro modo de referirse aos falantes que tiveron como lingua materna o galego, que o aprenderon e o usaron desde a infancia. É o contrario aos neofalantes. Os paleofalantes galegos soen ter unha mellor fonética e sintaxe do galego que os neofalantes.
16. **Plan de normalización-** Programa que contén as medidas e accións concretas destinadas a promover o uso do galego.
17. **Planificación lingüística:** accións promovidas polas institucións públicas destinadas a solucionar os problemas que se observen nunha lingua nun territorio. A planificación lingüística afecta a que lingua/s van ser utilizadas no ensino, na Administración, e de que maneira se pode intervir na sociedade para protexer o uso dunha lingua. A planificación lingüística é un sinónimo de normalización lingüística.
18. **Política lingüística:** decisións políticas, tomadas polo goberno que ten competencias para iso, que se refiren ao apoio institucional a un idioma para ampliar os seus falantes. En Galicia o goberno actual segue o criterio que xa implementara Fraga Iribarne: o **bilingüismo harmónico**.
19. **Prestixio** -Valoración social e cultural que se outorga a unha lingua nunha determinada comunidade lingüística. Refírese á percepción que a xente ten sobre unha lingua en termos de estatus, respecto e consideración.
20. **Prexuizos lingüísticos** - Creencias erróneas ou estereotipos sobre o galego e o seu uso.

21. **Transmisión xeracional:** aprendizaxe da lingua materna na familia.